

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	CORCUBIÓN
Edificio	Igrexa de San Pedro da Redonda
Dirección	Igrexario de Redonda 15137
	42.921844094727845 -9.203648186029504
Protección	
Descrición	<p>A única parroquia do concello, aparte da que constitúe a capital municipal, é Redonda, que se reparte en varias aldeas pola península de Quenxe. A igrexa parroquial de San Pedro é orixinalmente románica, pero tamén sufriu grandes reformas, sendo a última nos anos 1991 e 1992 restaurando a igrexa e o adro no que tan só quedan daquel estilo o arco triunfal e a ábsida de base rectangular. No testeiro ábrese a típica ventá románica. Tamén consérvanse algúns canzorriños primitivos sostendo o aleiro do tellado. O edificio é de reducidas dimensións con nave e capelas únicas, ambas de planta rectangular. Está cuberta a dúas augas con tellado de tella.</p> <p>A decoración exterior contén motivos vexetais, destacan a espadana dun corpo con dous arcos de medio punto peraltados sobre alicerces, un frontón, dous acróteros piramidais e unha cruz.</p> <p>A decoración interior contén retablos con imaxes como a de San Pedro, unha pequena talla gótica duns 40 cms, a da Virxe das Mercedes, a da Virxe do Carme, unha talla de San Xoán Bautista e a da Virxe do Rosario.</p> <p>O campo onde se atopa a igrexa está nun lugar moi fermoso e contén ademáis da igrexa, un camposanto e un cruceiro.</p>
Campás	A Campá maior fundida en 1994 polos Irmáns Ocampo en Arcos da Condesa (Caldas de Reis, Pontevedra). A menor é unha campá anepígrafa. Ten unha diferenza de 32 cm no diámetro entre a maior e a menor. Neste tipo de campás pequenas, case é normal, son de tipo ferroviarias e moi semellantes ás mariñas.
Fotos	6
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	09-05-2021

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Espadana	Campá menor (1)			31	17
Espadana	Campá maior (2)	OCAMPO, HERMANOS	1994	63	145

Información completa: [Igrexa de San Pedro da Redonda - CORCUBIÓN \(GALICIA\)](#)

PDF (22-05-2026)